

A nena de auga e o príncipe de lume



A nena de auga e o príncipe de lume

Xabier P. Docampo

Ilustracións de Xosé Cobas



Título:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:
Idade:

A nena de auga e o príncipe de lume
Xabier P. Docampo
Xosé Cobas
Xerais
Merlín
56
84-9782-267-6
De 7 anos en diante

XERAIS



o autor

Xabier P. Docampo

Naceu en Rábade (Lugo) en 1946. Mestre involucrado en movementos de renovación pedagóxica. Coautor de libros de texto, formou parte do colectivo Canles de Edicións Xerais de Galicia, galardoado co Premio Emilia Pardo Bazán que o MEC concede para premiar o material docente que mellor presente unha sociedade non sexista. Formou parte do equipo inicial de Preescolar na Casa.

Participou activamente na creación da Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil (GALIX), da cal foi presidente. Dinamizador a favor da cultura galega en diferentes ámbitos de actuación: actor de teatro, autor de guións para cine e televisión ou director de programas de radio. Ten excepcionais condicións de narrador oral, que o converten nun eficaz e popular contador de contos.

En 1989 recibiu o premio que anualmente outorga a agrupación de libeiros da Coruña para destacar o conxunto da súa obra. Tamén conta co Premio Rañolas 1994 á mellor obra de literatura infantil e xuvenil por *Cando petan na porta pola noite*, pola que tamén recibe o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1995, sendo tamén incluída na Lista de Honor do IBBY.

Está considerado como un dos grandes renovadores da literatura infantil e xuvenil galega, á cal incorporou a milleiros de lectores con éxitos de vendas como *O misterio das badaladas*.

Outras obras deste autor: *Cun ollo aberto e outro sen pechar*; *A chave das noces*; *O armario novo de Rubén*; *O país durminte*; *Un conto de tres noites*; *Bolboretas*; *A casa da luz*; *Os ollos de Ramón*; *Catro cartas*; *O home que inventou unha maneira de andar*; *O pazo baleiro*; *Nube de neve...*

o ilustrador

Xosé Cobas

Naceu en Lorosa (Negreira) en 1953. Compaxina a súa profesión de deseñador gráfico coa ilustración de libros de literatura infantil e xuvenil.

É un dos ilustradores máis prolíficos do campo galego.

As súas ilustracións complementan dunha maneira moi especial os textos de Xabier P. Docampo, de aí que compartan moitos libros.

Entre as súas obras podemos citar: *Bolboretas*; *O home que inventou unha maneira de andar*; *Nube de neve*; *O pazo baleiro*; *A casa da luz*; *Os ollos de Ramón*; *Os peixes de cores*; *A merla de trapo*; *Contos de animais II...*

a obra

Colección de contos, o primeiro dos cales lle dá nome a todo o libro.

«A nena da auga e o príncipe de lume» conta a xestación dun conto, a maneira na que o van facendo entre varios para narrar a historia desa nena que é de auga e vive no río pero chora bágoas de lume. Ela topárase cun príncipe todo el de lume e que chora bágoas de auga. Namóranse, pero o seu é un amor imposible, pois auga e lume non se poden xuntar. Aínda así, evapórase a auga facéndose nube e o lume faise fume que sobe cara ao ceo, onde se xuntan formando unha soa nube.


«Mando a distancia» relata un día na vida de Aleixandre e os cambios que son posibles grazas a un mando a distancia co que é quen de actuar sobre as persoas e os semáforos, sobre a cidade enteira (dándolle brillo e luz, cambiándolle a cor, parando a imaxe ou poñéndoa en movemento, retrocedendo ou avanzando a moita velocidade...).

«Mouriño». Un verme, fillo dunha fada boa e un trasno, vive nun castiñeiro comendo follas. Os ourizos están preocupados e acordan coa pega acabar con el, pero non o dan atopado, pegadiño como está a unha póla. Pasan os días, caen os ourizos para que saian as castañas e o mouriño –como lle chaman ao verme– bóta-se a durmir mentres as arañas lle tecen unha tea de fíos de prata que o cobre. Tempo despois sairá dese envurullo unha fermosa fada boa que habitará por sempre no souto.

«O cabalo de cartón». Un rapaz devece por ter un cabalo; como isto non é posible, o que fai é soñar con el mentres xoga a que galopa sobre a póla dun carballo ou, cando xa se decide a facelo, nun cabalo de cartón e viaxar ao país de papel para vivir aventuras nas que fará o papel dun xusticeiro.


«O boneco con cara de neno negro». Xildo é un rapaz que pasa o tempo facendo bonecos con papel de xornal. Nunha destas, recortando a fotografía da cara dun neno negro, completoulle o corpo dándolle o aspecto dun boneco. A sorpresa virá cando esa noite o atope durmindo con el na cama e falándolle. A partir de entón será o seu mellor amigo.

temas e valores



Educación para a igualdade

A igualdade de dereitos entre homes e mulleres, a necesaria loita contra os estereotipos de xénero que coartan a liberdade e o desenvolvemento de nenos e nenas...




Medio natural

A natureza ocupando un papel principal nestes contos, a defensa do contorno...




A creación de historias

Como se poden escribir as historias en grupo. A necesidade de contar con alguén que as escoite para que realmente teña sentido crealas e escribilas.



O poder de cambiar as cousas

A través dun mando a distancia, axudando ás vacas fronte aos lobos ou facendo bonecos que cobran vida.



A forza dos desexos

Ás veces, cando se desexa algo con moita forza, podemos facelo realidade ou algo que se lle pareza.



O respecto e o gusto pola diversidade

O boneco pode ter a cara dun neno negro, branco ou amarelo; os seres non sempre son iguais, poden cambiar como ese mouríño que acaba sendo fada.

actividades

Antes da lectura

- Co libro na man iremos falando do que nos suxire o título ou a ilustración da capa.
- Buscamos o nome do escritor e do ilustrador e comentamos se os coñecemos doutros libros que teñamos lido e a opinión que nos mereceron.
- Lemos o texto da contraportada e iremos adiantando o contido do libro.
- Manipulamos o volume para observar se é unha novela ou unha colección de contos, o tipo de letra que nos permitirá unha lectura máis ou menos doada, o índice e o resto dos apartados como «Cando o autor fala de si» ou os títulos publicados na colección Merlín.
- Podemos falar doutros libros da colección que teñamos lido presentándolles aos demais ou comentándoos entre varios.
- Buscamos outros libros deste autor e deste ilustrador na biblioteca para poder realizar unha exposición mentres dure a lectura.
- En base ao título do libro e dos contos, iremos predicindo os temas que serán tratados, podendo escribir un conto con algún destes títulos.
- Observamos as ilustracións do libro tratando de adiviñar a historia que nos están contando. Eliximos a que máis nos gusta argumentando a escolla.

Ao longo da lectura

«A NENA DE AUGA E O PRÍNCIPE DE LUME»

- Con este título seguramente a máis dun se lle ocorrerá unha historia que logo poderemos comparar coa lida.
- O principio do conto, onde se está narrando a maneira na que este se vai escribindo entre varios, pode animarnos a que intentemos ir facendo contos en equipo.
- Leremos o texto distribuíndonos os papeis, aínda que resulte un tanto difícil facelo.
- A auga e o lume parecen contrarios; non obstante poden chegar a quererse e vivir xuntos. Sempre hai unha maneira de facelo, semella dicirnos a autor. Podemos pensar noutros elementos que tampouco teñan moito en común e crear contos con eles: o aire e a terra, o frigorífico e a estufa, etc.
- Outra historia posible sería a titulada a secas «A nena e o príncipe», ou aquela de «O neno e a princesa». Vexamos que historia se nos ocorre para cada título, comparémoslas e saquemos conclusións que poden ter que ver coa igualdade ou non entre homes e mulleres.
- A auga e o lume. Distribuídos en equipos, podemos buscar datos sobre estes elementos: a maneira de presentarse, o perigosos ou beneficiosos que poden ser, etc.
- O relato ten un final feliz que parece dicirnos que todo é posible. Pero non sempre é así. Pensemos noutra maneira de rematar o conto.

actividades

«MANDO A DISTANCIA»

- Con este título e observando as ilustracións alguén se animará a contarnos a historia antes de lela.
- Unha vez lida un equipo pode animarse a pasala a cómic.
- Imaxinaremos outra historia co mesmo tema. ¿Que farías ti se tiveses no teu poder ese mando a distancia?
- Os rapaces da escola aproveitan a ocasión para chamarlle nomes ao abusón. ¿Que lle chamariamos nós? Ou mellor, ¿podería servirnos esta experiencia para perderlle o medo e poñelo no seu sitio? Debatamos a nosa relación cos abusóns cos que nos imos atopando ao longo dos cursos.
- Unha rapaza moi creativa decide chamarlle «chischisparadigo». Inventemos outras palabras e busquémoslle significado.

«MOURIÑO»

- A lectura deste conto pode facilitarnos falar dos mouros, do que sabemos deles... Documentarémonos nos libros que atopemos na biblioteca mentres outro equipo localizará información en internet.
- Pensaremos que outra historia nos lembra esta, aquela historia de alguén que parece feo e ao final acaba sendo fermoso.
- Debuxaremos un souto cheo de castiñeiros. Distribuírémonos a tarefa entre varios equipos de maneira que cada un deles poida facer o debuxo nun momento determinado do ano: cando está en flor, cando perde as follas, cando ten o froito...
- Indagaremos que vida, animal ou vexetal, hai nos soutos para ir completando o mural.
- A través dun debuxo iremos describindo a evolución do verme ata converterse en fada.
- Comentamos o que sabemos sobre a pega e animámonos a que cadaquén presente un paxaro aos demais a través dun cartel, de varios libros, etc.
- Remata a historia: «E tamén chegará un día no que os malos se transformen e todos os homes serán bos e xenerosos». Isto último lembrarános unha estrofa do himno galego: busquémosla e comentemos o seu significado.

«O CABALO DE CARTÓN»

- Este conto pode levarnos a ler unha poesía de Antonio Machado do mesmo título.
- O desexo do rapaz fai que poida imaxinarse cabalgando sobre o cabalo cando está na póla dunha árbore pero, sobre todo, que poida subirse a un cabalo de cartón, feito por el cunha caixa. Vemos que a imaxinación tamén ten os seus poderes. Pensemos en algunha vez que teñamos experimentado isto e contémolo por escrito.

actividades

- O rapaz viaxa a un país de papel. Realicemos un mapa, ou unha vista aérea, dese país tal e como nós o imaxinamos.
- Busquemos o nome de todos os paxaros que aparecen neste conto e realicemos unha pequena guía colocando ao lado de cada un dos nomes un debuxo ou fotografía que os represente. Podemos ampliar a listaxe con outros que nós coñezamos.
- O rapaz vai facendo xustiza polo mundo de papel: axúdalle á vaca castigando aos lobos. Pensade no que fariades vós se tivésedes a posibilidade de cambiar o mundo no que vivides.
- A auga pódelle ao papel, pero seguramente hai outras armas coas que tamén poder actuar no caso de non ter un río á man. Pensemos nesas posibilidades.

«O BONECO CON CARA DE NENO NEGRO»

- Un obxecto inanimado cobra vida diante de Xildo e este será o argumento dunha bonita historia. Probemos a escribir outra con ese tema.
- Xildo xoga co papel de xornal, é quen de facer cousas con material de refugallo. Animémonos a intentalo nós e realizar unha exposición cos obxectos que creemos.
- Lemos o apartado «Cando o autor fala de si» e subliñamos aquilo que nos chame a atención do que el nos conta.
- A continuación escribiremos un texto co título «Cando o lector fala de si».
- Conta o autor que primeiro facía debuxos e logo inventáballe historias e esas imaxes. Intentemos facer o mesmo en base a fotografías que podemos recortar de xornais ou revistas vellas.
- Indaguemos quen era ese Sansón que se pelexa cun león, ao que se refire o autor.

Despois da lectura

- Realizamos un marcador de lectura adecuado a este libro.
- Nunha posta en común intercambiaremos as opinións sobre a lectura, o conto que máis nos gustou, etc.
- Elixiremos o lector ou lectora a quen máis lle gustou o libro (podemos facelo por medio dunha votación) para que escriba unha recomendación deste, que publicaremos na revista escolar ou colcaremos no taboleiro de anuncios da biblioteca.
- Escribiremoslle unha carta ao autor.
- Podemos escribir unha nova historia, para este libro, aproveitando a que o autor nos conta, dun paxariño orfo que anda na busca dun niño.
- Realicemos unha nova capa para este libro cunha ilustración e un título que non pertenza a ningún dos contos.
- Busquemos eses outros libros do autor que agora nos apetece seguir lendo.
- Localicemos outros libros ilustrados por Xosé Cobas para realizar unha exposición.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2006
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2006
Depósito legal: VG. 77-2006